




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Pontevedra. Parroquia: Santiago de Boebre. Extensión: 1,03km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada e recortada, con vertentes aplanadas e paredes verticais de certa potencia. Estas presentan dinamismo xeomorfolóxico e na súa fronte contan con plataformas rochosas e depósitos de cantos. Escaso desenvolvemento continental.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos, xistos e cuarzosistos, de idade precámbrico-silúrica. Na metade norte aparecen bandas de pórfidos graníticos, ademais dun dique de dolerita e / ou diabasa na Praia de Coído.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado con temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións medias acumuladas de 1000mm a 1200mm. A oscilación térmica acada valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Polo tanto o ambiente climático é Cálido e Subhúmido.

OS SOLOS

Toda a unidade aséntase sobre cambisols eútricos, agás as suaves terras ao sur de Boebre, que presentan un fluvisol háptico.


AS AUGAS

Tramo acantilado carente de rede fluvial significativa formada por pequenas valgas pouco definidas e de escasa pendente. A unidade verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Ao sur da praia costa acantilada na que se desenvolve o hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas. En coídos e plataforma rochosa intermareal aparece o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados". Unha mínima franxa próxima aos cantís desenvolve un mato costeiro bastante degradado (potencialmente hábitats 4030 e 4040). Área moi transformada, só conserva algún rodal de frondosas de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade paisaxística de Costa de Illa de Carboeira foi sempre un contorno caracterizado polo uso agrícola do solo. As parcelas organizanse nunha trama sensiblemente regular e ortogonal á liña de costa, posibilitado pola escasa pendente da vertente cara ao mar. Estas terras de cultivo ocupan a práctica totalidade do solo, exceptuando o bordo litoral, que aínda conserva restos de vexetais costeiros e árbores de repoboación. A actividade agrícola segue manténdose, aínda que empezan a aparecer síntomas de abandono con usos residenciais e transformación en pastos ou masas arbóreas.

MORFOLOXÍA

En conxunto, a unidade paisaxística está pouco poboada e a edificación ten un impacto moderado na lectura do territorio. Non existe no ámbito ningún núcleo de poboación de certa entidade, aínda que limita polo norte co núcleo de Boebre (incluíndose algunhas das súas edificacións no conxunto) e co da Herbosa polo sur. Produciuse un desenvolvemento residencial moi limitado ao longo da C-4803, a estrada que une ambos os dous núcleos, así como unha incipiente urbanización apoiada nalgúns das vías de acceso ás parcelas de cultivo, fenómenos ambos os dous alleos á dinámica tradicional de crecemento rural. Non existe, sen embargo, a presión da urbanización vinculada á explotación turística que se dá noutras áreas do litoral ártabro.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía C-4803, que percorre todo o litoral do Concello de Pontedeume, é a infraestrutura que delimita a unidade polo interior, cara ao este. Desde ela parten os camiños tradicionais que levan ata a costa, dando acceso ás parcelas de cultivo. O desenvolvemento actual das infraestruturas, moi vinculado co desenvolvemento urbanístico e produtivo, foi practicamente nulo, xa que non se abriron novas vías (nin de media nin de alta capacidade), limitándose as transformacións á mellora e consolidación da C-4803 e ao asfaltado de antigos camiños tradicionais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No tocante a patrimonio arqueolóxico, destaca o Castro da Insua, situado na Punta Carboeira penetrando no mar, e onde se acharon unhas lápidas funerarias (coñecidas como "lápidas funerarias de Punta Carboeira"). A peza máis singular de patrimonio arquitectónico desta unidade é a igrexa parroquial de Santiago de Boebre, de estilo barroco realizado no s. XVIII. Presenta unha planta rectangular onde se desenvolve unha soa nave. No eixe vertical da fachada principal superponse unha porta rectangular, un pequeno oco e, rompendo a cornixa, a espadana dobre rematada en pináculos con bólas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A Costa da Illa Carboeira non presenta uns límites físicos fortes, sen embargo abrangue elementos de calidade ambiental identificable: bosques de repoboación cara ao norte e cara ao sur, e a pequena elevación sobre a que se apoia a C-4803 cara ao este, e especialmente na punta Carboeira, cos seus valores arqueolóxicos derivados dos vestixios da cultura castrexa e o fito singular que conforma a Illa Carboeira. A paisaxe está caracterizada polo predominio da superficie dedicada ao cultivo, que se conservou ata o día de hoxe cun sinal moi claro, manténdose a estrutura parcelaria e a rede de camiños, muros e peches tradicionais. Aparecen sen embargo novos fenómenos de urbanización, de vivenda unifamiliar illada ocupando parcelas anteriormente usadas como terras de cultivo.

DINÁMICA DA PAISAXE


A estrada C-4803, que delimita a unidade paisaxística en gran parte, supuxo tradicionalmente un límite que contiña o desenvolvemento urbanístico e preservaba o terreo que dista ata o mar, reservándoo para a explotación agrícola ou outras actividades produtivas. Esa tendencia, na dinámica de crecemento actual, deixou de ter a mesma validez, xa que aparecen vivendas illadas, pequenas urbanizacións e crecementos periféricos dos núcleos adxacentes. A estrutura parcelaria, sen embargo, respectouse ata o día de hoxe, e tampouco aparecen novas infraestruturas de comunicación, limitándose as transformacións neste ámbito á consolidación da rede existente.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Un dos maiores valores desta paisaxe é a súa capacidade para mostrar cun grao relativamente alto de conservación os patróns de organización tradicional dun territorio agrícola costeiro. A súa abrupta costa de cantís e paredes verticais (con só unha pequena cala e de difícil acceso) evitou a explotación turística do litoral, o que valeu para preservalo do fenómeno da urabanización que se desenvolveu noutras zonas próximas con praias e máis facilmente accesibles. Debido ás escasas intervencións urbanas recentes, o conxunto mantén unha coherencia e lexibilidade paisaxística que contribúe a potenciar os excelentes valores naturais da fronte litoral, moi pouco modificado e de gran riqueza expresiva e ambiental. Ademais a illa Carboneira constitúese como fito xeográfico que complementa os seus valores xeomorfolóxicos e identitarios cos patrimoniais derivados dos vestixios da cultura castrexa que figuran na próxima punta Carboeira. Precisamente este saínte costeiro constitúese como un punto de acceso ás panorámicas visuais da ría de Ares.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



